



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



Secretaría Xeral de Universidades

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E O GRUPO COMPOSTELA DE UNIVERSIDADES, PARA A ORGANIZACIÓN DO XXIV PREMIO INTERNACIONAL “GRUPO COMPOSTELA – XUNTA DE GALICIA”, RELACIONADO CON ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN, ESTUDO E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL E UNIVERSITARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Universidades, DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten previsto formalizar co Grupo Compostela de Universidades o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Grupo Compostela de Universidades para a organización do XXIV Premio Internacional “Grupo Compostela – Xunta de Galicia” correspondente ao ano 2020. O dito premio, que se organiza anualmente entre o Grupo Compostela e a Xunta de Galicia, está dedicado especialmente a valorar ás persoas ou institucións significadas polo seu traballo, estudos, investigación e divulgacións en prol da unidade europea ou a preservación do patrimonio cultural do noso continente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no interese de potenciar o desenvolvemento de actividades relacionadas con estudos e investigacións, que sexan desenvolvidas por entidades públicas ou privadas, sobre temas de conservación, protección e divulgación do patrimonio cultural e universitario.

O Grupo Compostela de Universidades é unha asociación sen ánimo de lucro da Comunidade



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



Secretaría Xeral de Universidades

Autónoma de Galicia que integra a unha gran diversidade de universidades de toda Europa, nas que están incluídas as tres que conforman o Sistema Universitario de Galicia, e cuxos obxectivos primordiais son fortalecer as canles de comunicación entre as universidades adscritas ao Grupo, organizar programas e actividades que teñen por finalidade o estudo e debate en cuestións de índole europea e fomentar a mobilidade e o intercambio de información, como base para o coñecemento das diversas formas culturais.

A concesión do premio non está ligada á petición expresa pola parte á que se concede polo que, segundo establece o artigo 4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente convenio está exceptuado da aplicación da dita lei por estar excluídos os premios que se outorguen sen previa solicitude do beneficiario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital do documento.



Xacobeo 2021

